

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ORDE do 9 de setembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 19 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies da fauna silvestre e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809D).

O día 17 de xaneiro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 19 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies da fauna silvestre e se convocan para o ano 2024.

No seu artigo 1 dispónse que a orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies da fauna silvestre (lobo, xabaril e oso), coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, procedendo á súa convocatoria para o ano 2024.

O artigo 21 establece que o pagamento da cantidade adxudicada a cada persoa física ou xurídica queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención e que o prazo máximo inicial para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 20 de setembro de 2024.

O elevado número de solicitudes presentadas dificulta o cumprimento por parte das persoas beneficiarias dos prazos establecidos na orde para a execución e xustificación dos gastos relativos a estas axudas, tendo en conta que comprende tres liñas: unha para a prevención dos danos ocasionados polo lobo, outra liña para a prevención dos danos ocasionados polo xabaril e unha terceira para a prevención dos danos ocasionados polo oso.

Na tramitación dos expedientes tivéronse que outorgar prazos para a emenda tanto de documentación como de erros detectados, así como a realización das diferentes comprobacións documentais necesarias.

Todo o anterior ten xerado unha demora na resolución da convocatoria, diminuindo o tempo efectivo dispoñible polos beneficiarios para a execución e a xustificación correspondente dos gastos obxecto de subvención.



Esta situación provoca a necesidade de establecer novos prazos de execución e xustificación destas.

En virtude do exposto e no uso das facultades que teño conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do punto 2 do artigo 21 da Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies da fauna silvestre e se convocan para o ano 2024.

O punto 2 do artigo 21 queda redactado nos seguintes termos:

«O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 18 de outubro de 2024. Porén, poderase conceder, por petición xustificada da persoa física ou xurídica interesada realizada antes da finalización do prazo establecido sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá a metade do prazo inicialmente previsto».

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: 24pppv26-j3r1-8ux6-rdu9-p5kohscanf12

